


# PROCEDIMENTO PARA O SEGUIMENTO E CONTROL DA DOCENCIA

---

Curso 2017/2018

R4 DO-0201P1



## Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 21 de setembro de 2017

### Asistentes:

Comendador Rey, Beatriz  
Díaz Naya, Rosa M<sup>a</sup>  
Eguileta Franco, José M<sup>a</sup>  
Fernández Fernández, Adolfo  
López López, Marta  
Presedo Garazo, Antonio  
Reboreda Morillo, Susana

### Desculpan a súa ausencia:

Garrido Labrador, Begoña  
López Díaz, María  
Pérez Losada, Fermín  
Uña Álvarez, Elena de  
Vaquero Díaz, Beatriz

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 21 de setembro de 2017, ás 16.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 19 de setembro de 2017:

- Lectura e aprobación da acta anterior (22 de xuño de 2017)
- Informe da Decana
- Informe de coordinación (R1-DO-0201 P1)
- Debate e Planificación do desenvolvemento da ensinanza (DO-0201 P1) e Prorroga, se procede, do Procedemento de Seguimento e Control da Docencia (R4-DO-0201 P1)
- Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos relacionados co Plan Anual de Avaliación das Usuarias e Usuarios (PAESU):
  - a) Informe de resultados da avaliación (R4 MC-05 P1)
  - b) Informe de Seguimento (R5 MC-05 P1)
  - c) Proposta de modificación (R2 MC-05 P1 e R3 MC-05 P1)
- Debate e planificación de accións de calidade do centro e dos títulos que se desenvolverán no curso 2017-2018
- Validación, se procede, da actualización do procedemento de Xestión do PAS (PE-01 P1)
- Validación, se procede, da actualización do procedemento de Xestión do PDI (PE-02 P1)
- Validación, se procede, do procedemento Planificación e desenvolvemento da ensinanza (índice 05)
- Rogos e preguntas

## 1. Lectura e aprobación da acta anterior (22 de xuño de 2017)

Apróbase a acta por asentimento.

## 2. Informe da Decana

- Escusan a súa ausencia Dna. Begoña Garrido (obrigas laborais), Profa. María López (cita médica), Profa. Elena de Uña (asistencia a congreso), Prof. Fermín Pérez (asistencia a congreso), Profa. Beatriz Vaquero (obrigas docentes).
- Infórmase que hai trocos dos membros da comisión por motivos de diversa índole. Arturo Real graduouse e Carmen Arribas trasladouse a outro centro. Incorpórase Adolfo Fernández en substitución de Carmen como novo secretario da Facultade. De xeito paulatino irase a por o día os membros desta comisión.
- Respecto da Certificación da Calidade, a decana informa que a Facultade recibiu a Q de calidade (xunto coa Facultade de Educación) nun acto en Vigo co reitor. A decana agradece á Comisión todo o traballo realizado para conseguir este recoñecemento. O membro J.M<sup>o</sup> Eguileta pregunta se esta acreditación debe ser revalidada e cada canto tempo. A decana sinala que esta distinción é revisada cada cinco anos.
- Comenta a decana que se enviou a Vigo a memoria definitiva do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural cos cambios indicados polo coordinador o prof. Fermín E. Pérez Losada.
- Infórmase á comisión que hai 40 alumnos matriculados no grao e que aínda quedaría a matrícula de setembro polo que podemos superar dita cifra. Aclárase tamén que este número de matriculados podería ser aínda maior xa que os alumnos que solicitan algunha convalidación xa non contan como novos alumnos. De contar, teríamos xa 43 novos alumnos este ano. Ademais, este ano ponse en marcha o grao conxunto con turismo. Cinco destes alumnos asistiron ao acto de presentación e venida organizado pola Facultade.
- A título informativo, a decana comenta tamén aspectos sobre o orzamento deste ano como a necesidade de gastar os remanentes antes de finalizar o ano económico pero que o servizo de asuntos económicos, ao igual que a maioría dos servizos da UVigo, viuse mi afectado pola RPT. Neste caso, conleva un importante retraso na tramitación de numerosos pedidos que afectan a nosa Facultade.
- En relación ao PAT. A decana sinala que xa se nomearon os titores e que este ano serán un por cada curso do grao e outro para o alumnado do máster. Os titores os os seguintes: 1º de grao: Ladislao Castro; 2º de grao: Antonio Presedo; 3º de grao: Susana Reboveda; 4º de grao: Julio Prada; Máster: Adolfo Fernández.

## 3. Informe de coordinación (R1-DO-0201 P1)

A decana comenta que o informe de coordinación (R1-DO-0201 P1) sobre o curso pasado está elaborado desde xuño e que debe ser aprobado en Xunta de Centro. Coméntase que se traballou moito nos aspectos da semipresencialidade. Pregúntase sobre o número de matriculados semipresenciais. A decana sinala que rondan os 25 na totalidade dos catro cursos de grao. Este tipo de alumnos presenta un perfil moi homoxéneo, adultos de mediana idade con fillos ou persoas ao seu cargo que se sinten atraídos desde sempre pola historia. Sínálase tamén que hai un número elevado de matrícula a tempo parcial.

Validase por asentimento o informe para que sexa aprobado en Xunta de Centro.

**4. Debate e Planificación do desenvolvemento da ensinanza (DO-0201 P1) e Prorroga, se procede, do Procedemento de Seguimento e Control da Docencia (R4 DO-0201 P1).**

A decana informa que o ano pasado xa se debateu a decisión de simplificar estes documentos, especialmente naqueles aspectos relacionados cos períodos de revisión e titorías.

Validase continuar con estes documentos simplificados.

**5. Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos relacionados co Plan Anual de Avaliación das Usuarías e Usuarios (PAESU):**

- a. Informe de resultados da avaliación (R4 MC-05 P1)
- b. Informe de Seguimento (R5 MC-05 P1)
- c. Proposta de modificación (R2 MC-05 P1 e R3 MC-05 P1)

A decana explica brevemente en que consiste o PAESU aos membros da Comisión. Entre os aspectos sinalados atópase a supresión da enquisa aos egresados xa que actualmente é o servizo de calidade que as leva a cabo polo que se optou por retirar esa ficha do PAESU. Tamén se sinala que debe ser a Facultade quen artelle os mecanismos de avaliación que deben ser diferentes aos que leve a cabo directamente o servizo de Calidade. Por todo elo, actualizouse o PAESU retirando as accións que fai directamente Calidade.

Validase o PAESU por asentimento.

**6. Debate e planificación de accións de calidade do centro e dos títulos que se desenvolverán no curso 2017-2018**

A idea presentada para este curso é seguir coa implantación do grao conxunto con Turismo que nos afecta especialmente a partires do vindeiro cuatrimestre. Veremos se é necesario que se nomee un representante deste grupo de alumnado para formar parte desta Comisión.

No tocante á difusión e promoción do grao, a idea é seguir coas empresas habitualmente contratadas para que leven a cabo ditas campañas.

Infórmase tamén do número de matriculados no Máster de Patrimonio no que se cubriron as prazas (20) quedando lista de espera. Aínda non rematou o prazo da segunda matrícula polo que non temos a listaxe final de inscritos.

No máster coa USC contamos con dous matriculados da UVigo. A decana asistiu ao acto de apertura do curso sinalando que a UDC non entra este ano no máster oficialmente quedando os seus profesores como externos ata o vindeiro curso. As liñas de instigación dos docentes da UVigo serán presentadas ao alumnado o próximo martes día 26.

Infórmase que se seguirá coas reunións de calidade o derradeiro xoves de cada mes. A liña a seguir para este ano académico é manter o acadado ata agora e melloras aqueles aspectos sinalados no informe da Q aínda que a maioría son aspectos que competen á UVigo.

**7. Validación, se procede, da actualización do procedemento de Xestión do PAS (PE-01 P1)**

A decana informa do procedemento de Xestión do PAS e válidase por asentimento.

**8. Validación, se procede, da actualización do procedemento de Xestión do PDI (PE-02 P1)**

A decana informa do procedemento de Xestión do PDI e válidase por asentimento.

**9. Validación, se procede, do procedemento Planificación e desenvolvemento da ensinanza (índice 05)**

A decana informa do procedemento Planificación e desenvolvemento da ensinanza e válidase por asentimento.

**10. Rogos e preguntas**

Para rematar, coméntase que non haberá reunión o vindeiro xoves retomando o próximo mes a data habitual desa comisión.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.30 horas, e de todo dou fe como secretario

A decana

O secretario



Susana Reboreda Morillo



Adolfo Fernández Fernández